



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA , INDUSTRIA E EMPREGO A TRAVÉS DO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, E A FUNDACIÓN ESCUELA DE ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL, EOI, PARA DESENVOLVER A ESTRATEXIA INDUSTRIA CONECTADA 4.0 PARA IMPULSAR A TRANSFORMACIÓN DIGITAL NAS EMPRESAS INDUSTRIAIS GALEGAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Área de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Ente ten previsto formalizar coa Fundación EOI F.S.P. (en adiante EOI), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue *dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019. Este convenio poderá prorrogarse ate o 31 de decembro de 2020, por acordo expreso entre as partes que deberá ser formalizado por escrito.*

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer os termos de colaboración entre EOI e IGAPE para continuar co desenvolvemento da iniciativa HADA e ACTIVA INDUSTRIA 4.0, que ten como fin impulsar a transformación dixital das empresas industriais da Comunidade Autónoma Galega.

O programa desenvolverase a partir da firma deste convenio. Trátase dunha convocatoria aberta a empresas que teñan domicilio social ou un centro de actividade en Galicia coas seguintes permisas:

HADA: poderán participar tódalas empresas industriais que desexen coñecer o grao de madurez dixital có obxectivo de avanzar na súa transformación dixital.

A información xerada pola ferramenta será obxecto de análise ós efectos informativos e para orientar as futuras accións das administracións públicas no fomento da industria 4.0.

ACTIVA 4.0: A empresa recibirá un asesoramento especializado e individualizado que resultará nun informe de diagnose da súa situación actual en materia de dixitalización, a elaboración dun Plan de Transformación e un seguimento do citado Plan. O programa de asesoramento complementarase coa celebración de varios talleres demostrativos en Galicia, con obxecto de presentar ás empresas beneficiarias do programa unha oferta concreta de habilitadores dixitais adaptados ó seu plan de transformación.



Dito asesoramento será levado a cabo por unha entidade con acreditada experiencia en asesoramento de “industria 4.0”, e xestionado pola EOI

O custo de cada asesoramento será de dez mil catrocentos euros (10.400€) impostos incluídos, por cada unha das empresas industriais asesoradas.

EOI Realizará as convocatorias públicas en concorrència competitiva, e estarán dirixidas ás empresas industriais con Centro de traballo en Galicia e terán por obxecto o impulso da transformación dixital das empresas beneficiarias, mediante a prestación de asesoramento especializado e individualizado e a elaboración dun plan de transformación dixital. Na comunicación utilizaráanse medios on line así como off line.

A selección realizaráse entre as solicitudes presentadas en función dos criterios de valoración definidos na convocatoria e levaráse a cabo por unha Comisión de selección formada por persoas designadas por IGAPE y por EOI.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

EOI é unha fundación do sector público estatal dedicada a formar profesionais, producir e difundir coñecemento e ofrecer servizos de valor a empresas, emprendedores e administracións, nos valores dunha economía aberta, social, verde e digital.

O Igape é unha entidade pública, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, creado pola Lei 5 / 1992, de 10 de xuño como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego que ten entre as súas funcións, fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades asentadas na Comunidade Autónoma, atraer inversións foráneas e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

O Igape está interesado en contribuír activamente ó fortalecemento do sector industrial galego, apoiando todas as actividades que contribúan a melloralo sistema produtivo baixo a prisma da axenda de competitividade de Galicia: Industria 4.0, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial, para iso promoverá as actuacións coordinadas coas distintas administracións que, como a Secretaría General de Industria y la PYME, contén con instrumentos e medidas de apoio as empresas e os emprendedores.

Industria conectada 4.0, é unha estratexia impulsada pola Secretaría General de Industria y de la PYME, cuxo obxectivo é incrementar o valor engadido industrial, e o emprego cualificado no sector, favorecer un modelo propio para a industria do futuro



desenvolvendo a oferta local de solucións dixitais e promover, tamén, pancas competitivas diferenciais, para apoiar a industria española e impulsalas súas exportacións.

Entre outras, consta de dúas actuacións diferenciadas, pero complementarias que son as seguintes:

HADA:(Herramienta de Autodiagnostico Digital Avanzada): ferramenta Online que permitirá evalualo grao de madurez dixital da empresa.

ACTIVA INDUSTRIA 4.0: programa de asesoramento especializado e persoalizado, realizado por consultoras acreditadas e con experiencia en implantación de proxectos de industria 4.0. Realizaráse coa metodoloxía desenvolvida pola SG de Industria y de la PYME. Este programa permitirá as empresas dispor de unha diagnose de situación e de un plan de transformación que identifique os habilitadores dixitais necesarios nese proceso de transformación e que estableza a folla de ruta para a súa implantación.

Ambas actuacións están dirixidas as empresas de tódolos sectores industriais de España, e contan coa colaboración das Comunidades Autónomas e da Escola de Organización Industrial (EOI).

Tendo en conta a coincidencia de obxetivos do IGAPE e da EOI no marco dos seus fins e competencias, considerase de interés establecer unha colaboración no ámbito da Estratexia Industria Conectada 4.0

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Director do Area de Competitividade do IGAPE